

A VECIÑANZA DE REDONDELA, PREOCUPADA POLA PSEUDOPRIVATIZACIÓN DA FONTE DA PRAZA DE PONTEAREAS

O goberno local asegura que ten planificadas medidas para restituír á situación previa o entorno da fonte da Praza de Ponteareas. Esta foi a resposta do goberno local ante a pregunta e denuncia de AER acerca do proceso de “pseudoprivatización” de goce e uso da fonte da Praza de Ponteareas. Toda a veciñanza ven observando sorprendida nas últimas semanas como a fonte da Praza de Ponteareas, un patrimonio cultural de valor que se debe respectar e realzar, atópase rodeada e cuberta por cadeiras, mesas, cables, carteis, ademais de utilizala por algúns irresponsables como elemento de apoio de amplificadores, louza, trapos, ordenador e demais utensilios impropios para un elemento cultural.

Así pois a Agrupación de Electores de Redondela fixo a pregunta no pleno despois de comprobar *in situ* o lamentable estado no que se está deixando a fonte e despois de ter recibido queixas de veciños e veciñas de Redondela que transitan pola zona e observan tal deplorable situación. Neste senso AER espera que as medidas previstas polo goberno local sexan tomadas de xeito inmediato, antes de que estas actitudes irresponsables ocasionen danos neste patrimonio histórico, moi apreciado pola veciñanza do lugar e polos visitantes que transcorren a través do Camiño de Santiago, elementos todos eles protexidos pola Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Redondela, 1 de outubro de 2018